

Comunidade Autónoma / Departamento / Estado	GALICIA
Municipio	MONFERO
Edificio	Igrexa de Santa María do Alto do Xestoso
Dirección	Lugar da Graña, 2. 15315
	43.358216 -7.919556
Protección	
Descrición	Igrexa de estilo barroco, de tipoloxía rural frecuente na bisbarra. Planta rectangular cunha soa nave, pequena sancristía e presbiterio. No interior, distintas remodelacións deron lugar a unha nave con bóveda e teitume de madeira pintada de azul separada do presbiterio por un arco triunfal apuntado apoiado sobre pilastras. No exterior, muros de cachotería miúda e reforzo de pezas graníticas á vista nos esquinais. Cuberta de lousa a diferentes augas. Complexa volumetría que reflicte os distintos corpos anexionados ao principal. Fachada principal, organizada nun só corpo, con porta rematada en arco apuntado. Sobre a cornixa, espadana de dous corpos rematada por pináculos en bóla. Acceso ao interior a través dun pequeno pórtico anexionado ao muro lateral. Destacan dous pequenos retablos de características neoclásicas e policromías semellantes ao mármore na cabeceira e muros laterais do altar maior. Accesibilidade: coche, autobús, peonil.
Campás	2 campás.
Fotos	3
Toques actuais de campás	
Conservación, mantemento	
Propostas	
Autores da documentación	www.turismo.gal (Xunta de Galicia)
Data	17-08-2023

Campás actuais

Localización	Campá	Fundidor	Ano de fundición	Diámetro (en cm)	Peso
Espadana	Maior.	BLANCO PALACIOS, ANTONIO (MONDOÑEDO)	1890		
Espadana	Menor.	BLANCO LEMOS, ANTONIO	1952		

Información completa: [Igrexa de Santa María do Alto do Xestoso - MONFERO \(GALICIA\)](#)